

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 28 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais industriais (EDARI) dunha fábrica de conservas de atún en Bodión, no concello de Boiro (A Coruña) (expediente 2020/0277).

De conformidade co artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, o 27 de abril de 2022, do proxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais industriais (EDARI) dunha fábrica de conservas de atún en Bodión, no concello de Boiro (A Coruña), promovido por Conservas Rianxeira, S.A.U.

A dita declaración poderase consultar na ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resolucions-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

CVE-DOG: x70e8cq9-e9w9-bsa0-tvd3-6thma1tvlkq0

